

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIMIANZO

*Nomeamento de tenentes de alcalde*

### ANUNCIO

En cumprimento do disposto no artigo 46.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, faise pública a Resolución da Alcaldía núm. 928/2023 de data 23/06/2023, que se transcribe literalmente:

### “RESOLUCION DA ALCALDIA

#### ASUNTO: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

A vista das eleccións locais celebradas o 28/05/2023 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 17/06/2023 resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal.

Considerando o disposto no artigo 21 e 23 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 46 (“1. Los Tenientes de Alcalde serán libremente nombrados y cesados por el Alcalde de entre los miembros de la Comisión de Gobierno y, donde ésta no exista, de entre los Concejales”) e 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Tendo en conta a Resolución da Alcaldía núm. 924/2023, de data 23 de xuño de 2023, pola que se nomea membros da Xunta de Goberno Local ás concelleiras/os D. Victor Manuel Muíño Ramos, D.<sup>a</sup> María José Pose Pérez, D. Miguel Angel Pérez Méndez e D.<sup>a</sup> Rosa Blanco Lema como titulares e como suplentes a D. Sergio Miñones Oanes, D. Mario Andujar Mouzo, D. Manuel Pose Tomé e D.<sup>a</sup> Beatriz Pazos Nimo.

No uso das atribucións legalmente conferidas, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Nomear tenentes de alcalde ás seguintes concelleiras/os:

D. Víctor Manuel Muíño Ramos, primeiro tenente de alcalde.

Dna. María José Pose Pérez, segunda tenente de alcalde.

D. Miguel Ángel Pérez Méndez, terceiro tenente de alcalde.

Dna. Rosa Blanco Lema, cuarta tenente de alcalde.

**SEGUNDO.-** Aos tenentes de alcalde corresponderalles substituír esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e por orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas atribucións.

**TERCEIRO.-** Dar a coñecer ao Pleno da Corporación a presente Resolución na primeira sesión que se celebre, notificarlla ás interesadas/os, e publicala no Boletín Oficial da Provincia, todo iso sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da presente resolución.

**CUARTO.-** Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido do presente decreto.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario xeral, dou fe.

A Alcaldesa

O Secretario xeral

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juiz”

O que asino en Vimianzo, o 27 de xuño de 2023

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIMIANZO

*Delegacións de Alcaldía en tenentes de alcaldesa e concelleiros*

### ANUNCIO

Faise pública a Resolución da Alcaldía núm. 999/2023 de data 07/07/2023, que se transcribe literalmente:

#### “RESOLUCION DA ALCALDIA

#### ASUNTO: DELEGACIÓN DE ALCALDÍA EN TENENTES DE ALCALDE E RESTO DE CONCELEIROS.

A vista das eleccións locais celebradas o 28/05/2023 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 17/06/2023 resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal.

Considerando o disposto no artigo 21 e 23 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 43, 46 e 121 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

No uso das atribucións legalmente conferidas, RESOLVO:

PRIMEIRO. - Outorgar as delegacións xenéricas que se sinalan aos seguintes concelleiros:

- A Dna. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa - presidente: Persoal e Facenda.
- A D. Víctor Manuel Muiño Ramos, primeiro tenente de alcaldesa: Medio Rural, Medio Ambiente, Servizo de Augas e Parque Empresarial.
- A Dna. María José Pose Pérez, segunda tenente de alcaldesa: Benestar social, Sanidade, Igualdade e Atención Cidadá.
- A D. Miguel Ángel Pérez Méndez, terceiro tenente de alcaldesa: Obras, Urbanismo, Servizo de Iluminación e Parque Móbil.
- A Dna. Rosa Blanco Lema, cuarta tenente de alcaldesa: Cultura, Patrimonio e Biblioteca.
- A D. Mario Andújar Mouzo, concelleiro: Ensino, Formación, Emprego, Edificios Municipais e Policía Local.
- A D. Sergio Miñones Oanes, concelleiro: Deportes, Mocidade e Festexos.
- A D. Manuel Pose Tomé, concelleiro: Ornato Municipal, Protección Civil e Hostelería.
- A D.ª Beatriz Pazos Nimo, concelleira: Promoción Económica, Turismo, Comercio e Asociacionismo.
- A D.ª Josefa Campos Villar, concelleira: Terceira Idade, Familia, Mercados e Consumo.

A delegación xenérica comprende a dirección interna e xestión do servizo ou áreas que se delega, pero sen capacidade resolutive mediante actos administrativos que afectan a terceiros.

SEGUNDO. - Dar conta ó Pleno da Corporación da presente Resolución na primeira sesión que se celebre, notificarlla ós interesados, e publicala no Boletín Oficial da Provincia, todo iso sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da presente resolución.

TERCEIRO. - Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido do presente decreto.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario xeral, dou fe.

A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez  
O que asino en Vimianzo, o 4 de agosto de 2023  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez  
(documento asinado dixitalmente)

O Secretario xeral  
Francisco Javier Novoa Juiz”